



Ferrol, 7 de novembro de 2022

Benqueridas familias;

Informámosvos de que está en marcha o proceso para a renovación parcial do Consello Escolar do Centro.

Unha vez constituída a Xunta Electoral, acorda por unanimidade establecer o seguinte calendario:

CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR	
7 DE NOVENBRO	Publicación dos censos electorais.
DO 7 AO 17 DE NOVENBRO	Presentación das candidaturas na secretaría do centro ata as 14:00 horas do día 17
18 DE NOVENBRO	Reunión da xunta electoral para a proclamación das candidaturas e sorteo para a formación da mesa electoral dos representantes das familias.
18 DE NOVENBRO	Publicación das candidaturas.
29 DE NOVENBRO	Votación para elección dos representantes de familias. De 9:30 a 12:30 horas.

O censo de nais/pais/titores legais está exposto no taboleiro de anuncios no interior do Colexio. Durante dez días poderedes comprobar se son correctos os datos que figuran no mesmo. Se detectades algún erro comunicádeo na secretaria do centro.

A elección para a representación de nais/pais/titores legais no Consello Escolar producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. A este efecto constituirase unha mesa integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e catro nais/pais/titores legais, designados por sorteo entre os que non se presentan como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. A mesa electoral encargarse de presidir a votación, conservar a orde e realizar o escrutinio.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector deberá acreditar a súa identidade mediante a presentación do DNI.

Un saúdo
A Dirección